

## *Bases do certame do Día de Rosalía 2019*

1.- Desde a Facultade de Ciencias da Educación e a Área de Cultura do Campus de Ourense, en conmemoración do Día de Rosalía de 2019, convocamos un novo certame no que animamos a participar ao conxunto da comunidade que conforma a Universidade de Vigo (alumnado, PAS e PDI).

2.- O certame seguirá o lema «Do XIX ao XXI: Libre o meu pensamento!» proposto pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG).

3.- Para participar, ademais de formar parte da comunidade da Universidade de Vigo, será necesario:

- a) Descargar nesta [páxina](#) a imaxe en branco de Rosalía de Castro e decorala de xeito artístico. Para tal fin, a Área de Cultura do campus de Ourense proporcionará, asemade, cartolinas, para quen prefira empregar o formato físico, que se poderán recoller no mostrador da biblioteca do campus de Ourense.
- b) Ben por medios materiais plásticos, ben por medios dixitais, cada participante publicará a través da rede social Instagram unha fotografía do seu deseño físico ou en formato dixital, acompañado da etiqueta #uvigorosalía e da mención @universidadevigo.
- c) Ademais da imaxe, cada participante incluírá na súa publicación un texto de non máis de 200 caracteres a xeito de «pensamento».

4.- Cada participante só poderá presentar unha máscara.

5.- A data límite para a publicación das propostas artísticas será o **domingo 24 de febreiro de 2019 ás 14.00 horas**.

6.- Todas as propostas serán valoradas por un xurado composto por persoal docente da Facultade de Ciencias da Educación e persoal técnico da Área de Cultura do campus de Ourense. Valorarase a calidade artística, así como a complexidade da súa elaboración e terase en conta a coherencia entre o deseño e a literalidade do «pensamento».

7.- Concederanse tres premios que poderán quedar desertos se o xurado considera que ningunha das propostas acredita a calidade suficiente.

8.- Os galardóns consistirán nun primeiro premio e dous accésits.

9.- As persoas que participan asumen o contido das bases deste certame e a decisión do xurado será inapelable.

### Algunhas suxestións de interese:

- A temática será, necesariamente, libre e aberta, pero coidarase que non atente contra as distintas sensibilidades e sentimentos. Animamos en todo caso a que garde relación coa obra e a vida de Rosalía de Castro e que faga referencia a algún tema de relevancia social e/ou cultural.
- As persoas participantes que escollan o deseño dixital poderán empregar todos os recursos que ofrecen as novas tecnoloxías (incluídos os da mesma aplicación de Instagram), polo que o resultado poderá ser unha imaxe animada (*gif*).
- Aqueles participantes que escollan o deseño material, poderán empregar todos os recursos plásticos (pinturas, cola, purpurina, recortes de prensa....) que estimen oportunos, así como outros extraídos da propia natureza (follas, pétalos, pedriñas, herbas, paus...) ou materiais de refugallo.